

ORIENTÁNDOME POLA MIÑA CONTA

Dedicamos esta entrada de hoxe para o alumnado de **bacharelato**, aínda que pode ser de interese para o alumnado dos cursos máis altos da ESO.

Como están os ánimos nesta corentena que padecemos?

Seguro que estás dedicando unha parte importante do teu tempo a estudar, é IMPRESCINDIBLE, mais non debes deixar sen atender outras cousas tamén moi importantes. Estás a facer todos os días algo de exercicio físico? É moi importante que atopes tempo para facelo e non só pola “saúde física”, lembramos os filósofos peripatéticos (Aristóteles e a súa escola)? o seu nome vén de “os que pasean” esa era a idea, pensar, falar, debater mentres paseaban e iso é porque o exercicio físico é tamén imprescindible para pensar mellor, para estar máis espertos e activos.

Se hai momentos de desánimo no estudo, descansa un momento, escoita música, fala coas amizades, cos avós e sobre todo confía nas túas propias habilidades e capacidades. Faite unha pregunta cada noite: hoxe aprendín algo novo? Sabes algunha cousa que non sabías e que te vai acompañar toda a vida? O día non foi perdido, seguro que mañá poderás estudar máis e mellor.

Por que dedicamos esta entrada de hoxe ao alumnado que queira saber máis sobre estudos universitarios? Porque a **Universidade de Santiago de Compostela**, a **USC**, vai realizar para a semana que vén uns Encontros Virtuais. Terán lugar na vindeira semana, os días 6, 7 e 8 de abril (luns, martes e mércores de Semana Santa), a través da Web da USC.

Esta páxina Web estará dispoñible desde o **sábado, día 4 de abril**, nesta dirección

<https://www.usc.gal/gl/encontros-virtuais>

A través desta páxina os alumnos e alumnas atoparedes:

- o Presentacións das titulacións
- o Obradoiros, Retos, etc.
- o Opinión de alumnos/as sobre a titulación
- o Pílulas relacionadas coa titulación
- o Concursos
- o Unha **VIDEOCONFERENCIA para cada titulación**

O estudiantado terá un enlace para interactuar por VIDEOCONFERENCIA cos/as responsables da titulación para aclarar as súas dúbidas. No enlace indicaranse os horarios de cada unha das videoconferencias.

.....

Se estás interesado en obter información da Universidade da Coruña neste enlace <https://estudios.udc.es/> podes atopar toda a información dos distintos estudos por rama de coñecemento.

Podes tamén descargar un [documento en pdf](#) con enlaces a cada grao distribuído por ramas de coñecemento e prezos de matrícula.

(se non a liches aínda podes mirar a entrada que colgamos onte onde podes atopar enlaces e moitas cousas de interese sobre as universidades, datas das ABAU e outras novas)

E un pequeno consello para rematar, nestes momentos nos que estamos a recibir un bombardeo de noticias constantemente, por favor fai caso soamente ás novas referidas ao coronavirus, mais tamén a outros temas, estudos, exames, ABAU, que veñan de fontes oficiais, das autoridades sanitarias ou académicas e ti non axudes a espallar “bulos”, non contribúas a propagar mentiras, que a información sexa fiable é responsabilidade de todxs.